

O CANDIL

Maio 1996

Nº 10



ÉRASE UNHA VEZ...

(II CONCURSO DE CONTOS)

Co gallo do **Día das LETRAS GALEGAS de 1996** os **alumnos e mestres do Colexio Público de Bueu** (Pontevedra) presentamos o **II CONCURSO DE CONTOS** intercentros para celebralo. A participación, ó igual co ano anterior estivo de acordo coas expectativas, concursando de forma voluntaria centos de nenos e nenas do concello, ós que dende aquí lle dámo-las gracias.

Os contos que veñen no 'O Candil' son os premiados do Concurso de Contos 1996, ós que acompaña o dunha nena de infantil, Tamara, fóra de concurso.

Os debuxos que ilustran cada conto foron feitos polos mesmos nenos que escribiron os contos. A escolma da portada pertencen ós nenos dunha clase de cuarto nivel.


Unha vez máis, un sinxelo agradecemento a tódolos mestres dos Colexios de Beluso, Cela, Bueu e Virxe Milagrosa que colaboraron con nós, e que sen eles seríanos imposible realizar este concurso. Tamén un agradecemento moi especial a e a tódolos participantes neste II Concurso de Contos.

***Mundos nacentes de ilusións queridas
e ciceladas por imaxes prestadas
da realidade e ficción na que se moven
e mergullan heroes, pantasmas, fadas...***

Coordina: Arturo Sánchez Cidrás
Colaboran: Mestres e alumnos dos Colexios do Concello de Bueu
Equipo de Normalización Lingüística
Benito Fernández Alonso
X. Manuel Cerviño Meira e Xosé L. Fdz. Aldegunde
Patrocina: Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia
Dep. Legal: PO-2-96
ISSN 1137-1994

1º PREMIO Categoría - A (1º-2º de Primaria)
A ÁRBORE SOLITARIA

de VERÓNICA BARREIRO PENA 1º nivel COLEXIO P. 'A PEDRA' de BUEU



Había unha vez unha árbore que vivía moi soia nunhas montañas.

Un día chegou a aquela montaña un rapaz que levaba sementes de árbores. O rapaz plantou a semente e ó pasar

algún tempo saíron moitas árbores.

A árbore solitaria non volveu a estar soa e foi feliz cos seus amigos.

* * *

2º PREMIO Categoría - A (1º-2º de Primaria)
O MUNDO DOS ANIMAIS

de MARCOS GÓMEZ CABANELAS 2º nivel COLEXIO P. 'A PEDRA' de BUEU

Había unha vez un pobo de animais, e o raposo tivo unha grande idea. Era que tódolos animais que puideran e quixeran plantaran árbores e plantas.



Cando remataron chamáronlle o "Mundo dos animais", pero un día chegaron homes para buscar o tesouro sagrado da pirámide secreta.

Os homes ían desfacendo o que encontraban ó seu paso, os animais tiveron unha idea ... Deixaron que os homes entraran na pirámide secreta, e logo eles disfrazáronse de pantasma; os homes asustáronse e saíron correndo dicindo que xamais volverían por alí, e desde aquela foron felices e comeron perdices.

3º PREMIO Categoría - A (1º-2º de Primaria)

A POMBA E A BOLBORETA

de AÍDA FERNÁNDEZ LEBRERO 2º nivel COLEXIO P. 'A PEDRA' de BUEU



Había unha pomba que non tiña ningunha amiga. Un día a pomba foi a dar un paseo e atopou unha bolboreta moi bonita e a pomba foi xunto a ela.

A bolboreta díxolle que podía ser a súa amiga.

A bolboreta e a pomba fixéronse moi amigas e sempre xogaban xuntas. Vivían nunha árbore, e un día foron dar un paseo no que se atoparon cunhas flores que brillaban como se foran estrelas.

Colleron unha flor e levárona para a casa, e cando se fixo de noite, brillaba máis que nunca, e deixaba de brillar cando era de día.

A bolboreta e a pomba colleron a flor e plantárona nun tarro. Ó día seguinte fixo moito sol e a súa casa brillou moito para sempre.

1º PREMIO Categoría - B (3º-4º de Primaria)

O CISNE E O VERME

de CLAUDINA PEREZ GOLOBARDAS 4º nivel COLEXIO P. 'A PEDRA' de BUEU



Érase unha vez un cisne que non tiña pai nin nai. Vivía só nun lago pequeno.

Un día cando estaba nadando atopou un verme que lle preguntou ¿como te chamas?. O cisne díxolle: “Eu non teño nome”.

O verme contestoulle: “Eu tampouco”.

Os dous amigos foron andando e falando, cando de súpeto perderonse. E o cisne dixo: “Eu teño ás e podo voar”. Así foi, os dous voaron lonxe e chegaron a unha illa moi grande onde só había cisnes e vermes.

Cando chegaron todos quedaron mirándoos fixamente.

O cisne seguiu andando e outro cisne abrazouse a el dicíndolle: ¡Fillo!. O verme seguiu camiñado e atopouse con outro verme que se abrazou a el e díxolle: ¡Fillo!.

O verme e o cisne acababan de atopar ós seus pais.

Eles quedáronse alí na illa toda a súa vida, xunto cos seus pais e viviron felices.

2º PREMIO Categoría - B (3º-4º de Primaria)

A NENA SOÑADORA

de PAULA ABAL CAAMAÑO 4º nivel COLEXIO "VIRXE MILAGROSA" de BUEU

Era unha vez unha nena que vivía nunha cidade moi grande.

A nena soñaba con vivir nunha vila para poder saír máis da súa casa e facer novas amizades, porque na súa cidade, como era grande, non coñecía a case ninguén e os que coñecía non querían estar con ela.

A súa nai non estaba de acordo con ela porque lle gustaba aquela cidade.

Un día a nena mentres durmía soñou que vivía nunha vila e tiña moitas amigas e amigos.

Entón espertou e decidiu irse a unha vila moi pequena e pensou: "Se me vou a unha vila haberá máis tranquilidade, e sobre todo podería ir ó campo a descansar de todo o ruído".

A nai, nese momento, entrou e a nena díxolle:

- ¡Mamá quero ir a unha vila e se non queres ir comigo irei soa !.

A nai quedouse paralizada e dicindo:

- ¡Non podo crer que esta sexa a miña filla!.

¿Estarei soñando?E a nena díxolle: - ¡Non mamá, non estás a soñar, iso que escoitas é verdade !.

Entón a nai dixo: - ¡Filla! se tanto o desexas, iremos a unha vila.



3º PREMIO Categoría - B (3º-4º de Primaria)

NO MUIÑO

de MARIA JOSÉ LOIRA GAGO 4º nivel COLEXIO “VIRXE MILAGROSA” de BUEU

Éranse unha vez dous nenos, un neno e unha nena, que vivían en Bueu, un día a súa nai mandounos a por fariña , pois ela quería facer un pastel, e díxolles :

-¡Xoán, Laura !, vinde aquí.

-¿Qué queres mamá ? - dixeron á vez. Que vaiades ó muíño que está no alto do bosque, a por fariña, porque vou facer un pastel, dixo a nai.

-Moi ben, iremos- dixo Laura.

Colleron unha chaqueta cada un e marcharon andando, xa eran as 7'30 e aínda non chegaran , parecíalles estraño porque nunca foran por alí, comezou a anoitecer e aínda non chegaran. Laura xa estaba a punto de chorar e por fin encontraron o muíño. Era un muíño vello, abriron a porta, as aspas non andaban, dentro había moitas telarañas, a porta facía un ruído moi chirriante “iiiiiii-iiii....”.

Atoparon unha cama e como era tan de noite metéronse dentro, facía moito frío e a cama tiña mantas, ese muíño parecía abandonado, había unha botella de cervexa rota, logo quedaron durmidos.

Á mañá seguinte Laura espertou cedo e Xoán seguía durmindo ata máis tarde. Laura estivo vendo o que había por alí e escoitou roncar a alguén, foi ver e era un ladrón dos máis buscados pola policía. Chea de medo, foi espertar ó seu irmán, con voz baixiña díxolle :

-¡Esperta, hai un ladrón durmindo no muíño !, ¡rápido !, temos que liscar.

-Tranquilízate, non ha ser para tanto, dixo Xoán.

Baixaron. Tendéronlle unha trampa para que ó saír da cama tropezase nun cordel e caese e así logo atrapalo.

Despois de dúas horas o ladrón espertou e todo funcionou como pensaron. Atrapárono e despois veu a policía, colleron ó ladrón e ós nenos déronlle unha recompensa e ademais leváronos á súa casa, e unhas semanas despois amañaron o muíño e quedou xenial.

A súa nai quedou moi contenta de velos e deulle unha aperta moi grande ós dous.



1º PREMIO Categoría - C (5º-6º de Primaria)

O TIGRE PINTOR

de MARTÍN SOLLA AVE 6º nivel COLEXIO "VIRXE MILAGROSA" de BUEU

Nun pobo lonxano había unha familia de tigres. A un deles, Chester, gustáballe moito pintar. Cando era pequeno pintaba a casa e como disfrutaba tanto ata chegaba a pinta-la súa roupa. Os seus pais rifábanlle pero mais el non lle facía caso.

Un día na escola mandáronlle facer un debuxo da súa profesora entón Chester colleu dous botes de pintura e botounos enriba dun papel, despois mesturou o carboncillo esmagado coa pintura no papel e o resultado foi unha obra de arte á cal a profesora púxolle un dez, polo cal o tigre marchou dando saltos de alegría para a súa casa. E foi pasando o tempo..., un mes, un ano, un lustro,... Xa de grande Chester era famoso por todo o mundo, os seus cadros non tiñan prezo porque era moi valioso.

Debido á súa fama converteuse nun tigre moi rico ata tal punto que mercou unha mansión, unha das máis grandes do país, entre outras moitísimas cousas tiña: catro cocinas, seis baños, vinte habitacións, sete salóns, as mellores televisións, bañeiras de hidromasaxe de dous metros de longo, etc. Tamén posuía un coche de seis rodas con oito cristais blindados.

Mais un día perdeu tódolos seus cartos xogando á ruleta no casino, por iso non puido paga-los gastos ocasionados pola súa mansión e o seu coche e todo isto levouno á ruína.

Os seus amigos axudárono con algúns cartos para poder ir vivindo. Despois de tanto tempo pensou que o que tiña que facer era renova-la súa vida e por iso comezou a traballar de novo no que a el máis lle gustaba , a pintura. Co paso do tempo foise facendo outra vez famoso e gracias ó apoio dos seus amigos volveuse a facer rico.

Mais esta vez non se volveu tolo con tantos cartos e invitou ós seus amigos a vivir na súa mansión e deuse de conta que o mellor que se pode ter son os bos amigos que che axudan a supera-los grandes problemas.



2º PREMIO Categoría - C (5º-6º de Primaria)

TIMOTEO

de JOSE RAMÓN SANCHEZ SANTOME 6º nivel COLEXIO P. "A PEDRA" de BUEU

Timoteo é un león rubio e simpático. Desde pequeno vivía no zoolóxico, pero un día cansouse desa vida de folgazán e resolveu traballar nalgunha cousa.

Así foi como saíu á rúa pensando que facer e tamén estaba facendo os seus propios plans.

De súpeto ocorréuselle unha gran idea ¡traballarei nun canal de televisión! e serei o más famoso da pantalla.

Xa decidido foi ata un canal da televisión onde pedían animais para unha serie de Tarzán.

Ó chegar ó estudio do Canal de T.V. sentiuse como mal, desilusionado, unha longa cola de aspirantes da serie de Tarzán, agardaban antes ca el.

Cando lle chegou o turno, un señor recibíuno, e preguntoulle se sabía algo moi gracioso.

¡Claro que si! - Respondeu Timoteo moi orgulloso. ¡Sei falar e tamén ruxir estupendamente!

-Non é moito ...hum- contestou o señor sen moito entusiasmo.

Finalmente despois dunha serie de probas Timoteo foi rexeitado pois non sabía bailar.

Un mono moi resalgado foi contratado e o león rubio afastábase dos estudos co rabo entre as pernas.

Triste polo seu primeiro fracaso, Timoteo puxo un anuncio no xornal.

Axiña o chamaron para vender xeados, no que tivo un gran éxito. Os nenos ían correndo a compralos, pois eran de primeira clase.

Timoteo sentíase moi ledo pero cando chegou o inverno quedou de novo sen traballo, xa que aínda non se inventaran os xeados quentes. Pero a sorte chegoulle xa que de seguido, encontrou traballo no circo onde actuou como Gran Estrela.



Cando está de vacacións o circo, Timoteo volta ó zoolóxico e quédase alí descansando, pero non por moito tempo, volta de novo ó circo onde coas súas grazas fai sorrir os rapaces que van a ve-lo circo, el alégrase de facer sorrir ós nenos xa que Timoteo é de corazón tenro e ledó.

“Este conto fíxeno para que entendades que nunca se pode dar un por vencido, nin renderse xa que tarde ou cedo se pode atopar o traballo axeitado”.

* * *

3º PREMIO Categoría - **C** (5º-6º de Primaria)

O VELLO ANTÓN

de MARIA ELVIRA OTERO SANTOS 6º nivel COLEXIO P. DE BELUSO

Había unha vez un vello que se chamaba Antón. O vello vivía nunha montaña que se chamaba “A Montaña do Demo”.

Antón era moi desgraciado. Cada vez que baixaba ó pobo toda a xente se afastaba del porque pensaban que estaba endemado. A xente dicía que polas noites convertíase nun demo a que vise saír da casa. As persoas estaban ateigadas de medo cando miraba a Antón.

Unha noite de inverno Antón estaba durmindo cando o espertou unha estraña luz de cor vermella, pero imaxinou que fora unha alucinación. Ó día seguinte pasou o mesmo, e así un par de días máis .

A noite máis que se lle parece, faloulle e díxolle : “Tes que cambiar de vida xa que se non sentiraste odiado por todos.

Tes que ir buscar unha poción ó “Monte Perdido”.

Vello Antón púxose en camiño aínda que pensou que nunca o puidese encontrar.

Cando se fixo de noite atopou unha cova e alí pasou a noite.

Durante o camiño encontrou moitos perigos, animais feroces, bestas, sustos etc.

Pasados varios días encontrou un cartel cunha frecha que poñía “O Pantano Negro”.

Entrou no pantano e atravesouno polo río que o cruzaba, pero pensaba que lle sería imposible conseguilo, cando viu un tronco de árbore pero cando quixo collelo resultou ser un crocodilo. Nestas estaba cando unha frecha foise a cravar na cabeza do crocodilo. Antón preguntou quen fora o que lanzara a frecha e a resposta foi dun neno pequeno, moreno de ollos negros de sete anos de idade.

-Chámome Xavier- dixo o rapaz.


- ¿Como te chamas ti?

- Eu chámome Antón

Despois de falar unhas cantas horas Antón preguntoulle se o quería acompañar na busca da poción; o que foi aceptado polo neno.

Cando os colleu a noite acamparon nun claro que había no medio do monte.

A luz volveu a aparecérselle e dicíalle que xa lle faltaba pouco. Por iso puxéronse moi contentos e durmiron toda a noite.



Ó seguinte día erguéronse cedo e despois de almorzar puxéronse de camiño.

Despois duns cantos días de camiñar atoparon un letreiro que dicía “Monte Perdido”, e puxéronse moi ledos, cando de repente aparecéuselle de novo a luz e díxolle que na ladeira da montaña había unha cova onde estaba a poción, metida no sarcófago do faraón.

A Antón estremecéuselle o corpo, pero aínda así foi na buscar.

Cando chegou de novo ó pobo todos o miraban con desprezo, pero a Antón non lle importaba porque logo se terminaría.

Cando se fixo de noite a luz volveu a aparecer para preguntarlle se tiñan a poción e se así era que lla deran que xa se encargaría de todo.

Ó seguinte día Antón e Xavier baixaron ó pobo pero ninguén os mirou con desprezo, senón que todos lle falaban como se non pasara nada.

Antón púxose feliz e nunca se separou do seu compañeiro Xabier.

1º PREMIO Categoría - D (7º-8º de EXB)

OS CUBERTOS DIVÍRTENSE

de CARMEN NOVAS FERRADÁS 8º nivel COLEXIO P. "A PEDRA" de BUEU

- ¡Por fin! - gritou Culleriña cando oíu pechase de golpe a pesada porta da entrada e xira-la chave na súa ferruxenta pechadura.


E é que aquel día a familia Cuberto sabía que os donos da vella casa que habitaban, os Hernández, marchaban á casa dunha tía súa a pasa-lo día, e non volverían ata o anoitecer.

Para os Cuberto, os nosos protagonistas, isto era marabilloso, xa que dispoñían para eles solos de toda a casa.

Pero... ¡Esperade un intre! ¡Se aínda non volos presenteí! Pois mirade, o cabeza de familia é don Coitelo, alto e delgado, sempre disposto a cortar calquera cousa que se lle poña por diante; séguelle dona Culler, de cara regordeta. Estes teñen dous fillos, dos cales o maior é Garfo, sempre peiteado con abundante gomina, poñéndose os pelos de punta, e a máis pequena Culleriña, igual ca súa nai.

A filla pequena dos señores Cuberto é a que máis leda se sente coa marcha dos donos da casa, e de feito é ela a primeira en saír do escuro caixón no que vive coa súa familia e en dirixirse ó vertedoiro de metal a prepara-la súa actividade favorita... ¡O baño!

Para a familia Cuberto o baño era algo divertidísimo, e esta vez non ía ser menos. Seguindo a Culleriña, todos se dirixiron correndo rapidamente ó vertedoiro e comezaron a botar lavalouza a montóns para facer abundante escuma e, cando todo estivo listo... ¡zas! Todos á unha mergulláronse na auga. Así estiveron máis dunha hora chapuzando, empurrándose, tirándose dende a billa (que facía de trampolín), etc..



Cando saíron da auga xa era tardísimo, e despois de limpa-lo fregadeiro preguntoulle Culleriña á súa nai.

- Mamá, ¿Non é hora de prepara-la comida?

- Si filla - Contestoulle dona Culler.- Dille ó teu pai que vaia mondando as patacas e as cenorias.

Entre todos fixeron de comer. Don Coitelo mondou as cenorias e as patacas; Garfo machicounas para face-lo puré e Culleriña puxo a mesa a serviuno. Comeron no acolledor salón do sobrado da casa da familia Hernández, onde había un gran reloxo de pé que daba precisamente as horas, unha mesa enorme coas correspondentes cadeiras de madeira, un sofá comodísimo, dos que xa non abundan, e o maxestoso retrato da tataravoa Hernández colgando da parede, entre outras cousas.

Logo de recoller e limpar, a familia Cuberto decidiu pasa-lo resto do día no xardín. Sabían que este sitio era moi perigoso, con miles de lagartixas e outros animais, pero a eles non lles importou e, a través da trampaña preparada para o gato (aunque os Hernández non o tiñan) saíron fora.

Xa no xardín, atopáronse infinidade de cousas interesantes. Ó parecer, o señor Hernández estivera cavando unha pequena foxa para as súas plantas, ás que mimaba moito, e deixara cravada a pa na terra.

- ¡Que ben! - Berrou Garfo, ó descubrir esta - ¡Poderemos usar esta pa como se fose un tobogán e tirarnos por ela!

A idea pareceulle xenial a todos e, sen pensalo dúas veces, foron esvarando un a un polo liso e longo mango da pa. O peor era subir ata el, xa que debían escalar por uns taboleiros que colocaran para alcanzalo.

Con este e outros xogos pasóuselles a tarde voando, e cando quixeron darse conta xa empezara a anoitecer.

¡Veña! Chamou dona Culler.- A familia Hernández non ha tardar en chegar, pois xa empeza a anoitecer. ¡Ide entrando na casa!

Culleriña e Garfo enfurruñáronse porque pensaban que aínda era moi cedo para volver ó seu caixón, pero, ¡que se lle vai facer!, así debía ser xa que ninguén debe descubrir nunca que eses pequenos utensilio de metal que utilizamos para comer teñen vida, e paséanse polas nosas casas cando non estamos nelas.

2º PREMIO Categoría - D (7º-8º de EXB)

O AVÓ DE XOÁN

de OLAYA MALLO CHAPELA 8º nivel COLEXIO "VIRXE MILAGROSA" de BUEU


Xoán era un rapaz de seta anos ó que ninguén lle facía caso; e un día farto xa de pasar desapercibido decidiu por se enfermo pero ó final todo o mundo se deu conta; e como esa fixo moitas cousas máis.

Unha fermosa e estrelecida noite, antes de ir para a cama, sentouse no zanquiño que estaba a carón da fiestra e púxose a recorda-lo seu avó, que morrera cando só tiña cinco anos, pero recordaba a súa bonachona e leda cara; e tamén as historias que lle contaba nas noites de

verán, na súa cabana á beira do lago. A historia que nunca se lle esquecera a Xoán, é unha que comezaba así:

“Unha vez un rapaz, pequeno coma ti, desexou con tódalas forzas chegar algún día a ir ás estrelas, este rapaz era orfo; os seus pais morreran nun accidente de tráfico e a el non lle quedaba máis familia. Ó cabo de tres semanas tendo o mesmo desexo, cumpríuselle, unha pequena nave de cores aterrou no xardín do orfanato, e os destelos de luz despertaron ó rapaz, o cal baixou rápido o xardín. Alí había unhas pequenas criaturas peludiñas de distintas cores, uns eran azuis, outros vermellos, outros... en fin, tiñan aspecto de ser amigables. Un deles acercóuselle ó rapaz e saudouno, e convidouno a ir con eles ó seu planeta, este correu moi rápido a polas súas cousas, pero con coidado de non facer ruído para que non se desen conta. O rapaz montou na nave e partiron cara o espacio, ó principio tivo unha sensación moi rara, pero logo se acostumou, e pasábao ben vendo polas ventás as estrelas, os planetas, a lúa, aquilo era unha magnífica paisaxe, o que sempre soñara desde que só tiña dous anos; viaxar ó espacio.

E cando Xoán cría que xa acabara a historia, o seu avó seguía dicíndolle:



“Mais cando aínda non pasara un mes desde que o rapaz chegara a ese planeta, pediulle ós seus pequenos amigos que o levasen de volta á terra. E eles preguntáronlle por que, pois estar nese planeta era o que el pedira sempre; e el explicoulle a súa petición, aínda que ese fose o seu desexo agora arrepentíase, estrañaba a terra, os verdes campos, a branca neve, o mar azul, o... todo aquilo que sempre pareceralle aburrido, agora era o único que quería. Prefería soñar coas estrelas e esperar a noite para velas. Os seus amiguíños comprendérono e levárono de volta á terra. O rapaz deulles as grazas e díxolles adeus coas bágoas nos ollos”.

Esa era a historia que recordaba Xoán, aínda que cando era pequeno non comprendía como puido cambia-las estrelas por un sitio como este, tan aburrido e monótono, pero a medida que foi medrando deuse conta que o mellor era quedarse no sitio onde un naceu.

E a partir daquel momento a Xoán dá-lle igual o que lle dixera a xente, el descubriría cousas



novas, inquietantes misterios e tantas cousas que el non sabía...

Todo isto levoulle a saca-lo refrán ou máxima da historia que lle contaba todas noites o seu avó:

*“Si algo queres ter,
pocas cousas terás que devecer”*

3º PREMIO Categoría - D (7º-8º de EXB)

NA BUSCA DA FLOR DE PRATA

de AGUEDA RIOBÓ CAMPOS, 7º nivel COLEXIO P. "A PEDRA" de BUEU

É o Nadal e no país de Zarina-Dai todo o mundo está atarefado cos preparativos de gran noite, a Noitevella.

O vento golpea con forza as fiestras do pazo de Zarina-Dai. É un pazo moi especial, as súas paredes son de mármore, as súas portas e fiestras de cristal e o tellado é verde como o ceo deste reino. Ós seus pés esténdese a cidade de Prata, chamada así polos seus tellados prateados.

A raíña Zarina Dai é unha fada chamada Tiara e é a anfitriona da Festa de Noitevella. Ela ten que coidar de que todo estea perfecto nesa noite. Pois é a noite máis importante do ano para os zarinoduenses, porque nesa festa celebran o bo que lles pasou nese ano e fan un ritual para ter mais sorte o vindeiro ano. Ese ritual consiste en facer que chova pingueiras de prata tocando o himno de Zarina-Dai coa arpa real ás doce en punto da noite, e así os tellados de cidade de Prata volven a coller a súa cor prateada que perderan ó longo do ano. A arpa real só a pode tocar o que sexa capaz de atopar algo moi especial. Ese ano, segundo o libro da verdade, o elixido sería o que atopara a Flor de Prata e lla trouxera á raíña Tiara.

Facía meses que varios xoves valentes emprenderan a busca e aínda non volveran.

Tiara estaba moi preocupada por se lles pasara algo, non puideran volver, ou non eran

NA
BUSCA
DA FLOR
DE
PRATA

capaces de atopar a estraña flor. Ninguén se animaba a buscar aos xoves aventureiros, ninguén, excepto unha valente moza amante do risco chamada Nereida. Presentouse ante a raíña co seu propósito. A Tiara pareceulle moi arriscado que fora soa e aconselloulle que a acompañara o sabio Eritades e o unicornio Cristalino. Nereida aceptou.

Partiron pouco antes de amencer sen saber o que se atoparían no camiño. Poucos días faltaban para a Noitevella e polo tanto, pouco tempo lles quedaba para cumprir a súa misión.

Adentáronse na fraga de Falsa Esperanza. Era espesa e interminable para eles. Tiñan sede e axiña puideron calmala ó divisar un pequeno lago. Correron cara el e puxéronse a beber. Cando pousaron os seus pés no lago, a auga comezou a absorbelos. De súpeto chegaron a unha especie de salón acuático. Había moitos peixes de cores. Eles podían respirar por debaixo do auga. Despois duns minutos de confusión, nunha grande butaca que había detrás deles apareceu nunha serea, e díxolles:

- ¿Quen sodes vós e a que viñestes?

- Esta é Nereida e eu son Eritades, máximo home de confianza da miña maxestade a raíña Tiara de Zarina-Dai

- ¿Eritades? Se non me dixeras quen es non te recoñecería, amigo.

- ¿Es ti, Náiade? ¿Como é que estás aquí?

- O lago das Flores contaminárono e tivemos que trasladarnos aquí. Pero non falemos máis de min e cóntame. ¿A que se debe esta agradable visita?

- Como xa sabes, tódolos anos celebrámo-lo ritual de Noitevella. E este ano hai que atopar a Flor de Prata. Foron varios os xoves que aínda non chegaron, entón Nereida, o unicornio Cristalino e eu estamos tratando de atopar a estes mozos e se é posible a Flor de Prata.

- ¿Cantos eran os rapaces que emprenderon a busca?

- Cinco

- Quero que veñades comigo, ¡seguídemme! -ordenoulles.

Nereida e Eritades seguírona. Cruzaron corredores e habitacións, era coma un labirinto. Por fin Naíade ensinoulles unha cella. Abriron a porta e alí atoparon ós cinco mozos. Naíade desculpouse e liberou ós aventureiros.

Á mañá seguinte, os cinco valentes volveron a Zarina-Dai e Nereida, Eritades e o unicornio Cristalino seguiron coa busca. Nun día cruzaron montañas, atravesaron fragas, ríos e pantanos. O sabio Eritades estaba moi canso e quedou cobizado nunha cova. Nereida continuou co unicornio Cristalino. No camiño atopouse a unha estraña criatura chamada Pescaturindo. Era un cruce de coello e galiña. Como coñecía ben ese lugar, serviulle a Nereida como guía.

A medida que o tempo se esgotaba levábase as esperanzas de Nereida. Vindo que lle quedaba tan pouco tempo quixo volver a Zarina-Dai. Seguramente Eritades xa estaría alí. Despediuse de Pescaturindo e agradeceulle todo o que fixera por ela. Subiuse a unha gran montaña e deu a última ollada, e nin rastro da estraña flor. Montou no unicornio e dirixiuse cara á cova a ver se aínda estaba o sabio Eritades. E entrou na cova e non había nada. De súpeto unha luz cegouna por un momento. Alí descubriu unha porta. Abriuna e atopouse un lugar marabilloso. Centos de árbores froiteiras, lagos de auga cristalina e estrañas flores prateadas. Preguntoulle a un habitante daquel lugar que flor era aquela e contestoulle que era a flor de Prata. Os ollos de Nereida enchéronse de bágoas. Colleu a flor de Prata e montou no unicornio. Entón foi cando se decatou de que faltaban poucos minutos para as doce da noite. O unicornio corría e corría ata botarse a voar. Nereida non podía crer que o unicornio, que non tiña ás, puidese voar.

Quedaban dous minutos para as doce. Nereida desesperábase. Por fin chegou a Zarina-Dai, pero o seu reloxo marcaba as doce e un minuto.

-¡Perdoádemel! -dixo Nereida entre bágoas.

- E logo, ¿non traes a flor de Prata? - Preguntou o sabio Eritades.

- Si, tráioa.

- Entón, ¿por que me pides perdón? - volveu a preguntar a raíña Tiara

- Porque chego tarde.

- Tarde, o que se di tarde, un pouquiño; pero a tempo de entrega-la Flor de Prata.

Son as once e dous minutos, e o reloxo de Zarina-Dai nunca se equivoca.

- Entón, ¡consequino! O meu reloxo debeu estropearse no lago de Náíade.

A cerimonia celebrouse se ningún problema. Aquel ano foi dos mellores, para os zarinoduenses. A raíña Tiara quedou moi satisfeita e falouse durante moito tempo sobre Eritades, o voo do unicornio Cristalino e a proeza da rapaza Nereida.


FORA DE CONCURSO
OS PAXARIÑOS

de TAMARA ACUÑA PAZO (3 anos) COLEXIO P. 'TORRE-CELA'



Érase unha vez unha familia de paxaros que vivían moi felices no bosque.

Un día os homes cortaron moitas árbores e fixeron casas e fábricas. Co fume os paxariños non podían respirar.



Uns nenos escribiron ó periódico, e as casas e fábricas botaron menos fume e a xente plantou máis árbores.